



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

DECRETO: REQUERIMENTO DOCUMENTACION PARA CONTRATACIÓN NORMALIZADORA LINGÜÍSTICA. EXPTE. TEDEC:2024/E001/000004

DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Vista a renuncia de D^a María N. S., normalizadora linguística do concello de Arzúa, **con efectos** do día **13/01/2025** como consecuencia do desempeño doutro posto de traballo na Administración Pública.

Visto que é necesario e urxente facer o chamamento a través da bolsa de emprego, dada a necesidade de contratar outra técnica de normalización linguística.

Visto o decreto da alcaldía n.º 6/2025 de data 07/01/2025 que rectifica o n.º 926/2024 da data 10/12/2024 onde se conforma unha lista de reserva de prelación de aspirantes ordeada por orde de puntuación:

***9684**	7,7	19,15	26,85
***8867**	8	18,4	26,4

Vista a seguinte dilixencia de chamamento que consta no expediente:

Irene Couselo del Rio, auxiliar administrativo do Concello de Arzúa, fago constar:

Que o día 23/06/2025 chamei as 11:00 a Paula Alexander Texeiro, a cal contestou que non estaba interesada polo momento no posto de Técnico de Normalización lingüística, xa que estaba traballando, e que ía presentar a xustificación de que estaba traballando.

Que despois chamei a seguinte da lista Laura Gil Rodriguez, a cal dixo que si estaba interesada no posto de Técnico de Normalizadora linguística, porque vai acabar un contrato o día 27 de xuño de 2025.

Vistos os informes de intervención e secretaria os cales constan no expediente.

No uso das atribución que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Requerir a aspirante que si aceptou ser proposta para a contratación de técnica de normalización lingüística, para que en 5 días naturais, contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, presente a seguinte documentación:

1º.-Fotocopia do título académico esixido na base 5ª ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

2º.-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3º.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

4º.-Documento de autorización ao uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Arzúa en modelo facilitado polo Concello de Arzúa.

5º.- Comunicación do número de afiliación á seguridade social.

6º.-Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria.

7º.- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a; sen prexuízo dun posterior recoñecemento.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello este decreto -

En Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde-Presidente

Dou fe, o secretario

Asdo: XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS

Asdo: ALFONSO M. ALCALÁ PÉREZ